



DATOS IDENTIFICATIVOS

Lingua de signos española I

Materia	Lingua de signos española I			
Código	V01G430V01301			
Titulación	Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego Outros			
Departamento				
Coordinador/a	Cabeza Pereiro, María del Carmen			
Profesorado	Cabeza Pereiro, María del Carmen			
Correo-e	cabeza@uvigo.es			
Web	http://https://www.uvigo.gal/es/universidad/administracion-personal/pdi/maria-carmen-cabeza-pereiro			
Descrición xeral	Contidos lingüísticos e culturais segundo o intervalo de nivel A1 do MCER. Características das variantes do estado español da LSE con especial incidencia na variante da LSE de Galicia.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código				
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.			
B5	Capacidade do estudantado para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o título.			
B6	Capacidade de apreciar outras culturas e competencia para sensibilizar á contorna propia na apreciación da diversidade intercultural.			
C15	Coñecer os fundamentos léxicos e gramaticais da lingua signada de Galicia, desenvolver a súa conciencia lingüística e a súa comprensión socio-cultural para aplicarlos á comunicación entre as tres linguas de Galicia.			
D1	Capacidade para comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria.			

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Ter coñecementos xerais das linguas signadas e da modalidade visuoxestual das linguas do mundo	B6	C15	
Ter coñecementos básicos da lingua de signos do estado español (LSE) desde unha perspectiva lingüística, comunicativa e intercultural	B6	C15	D1
Dominar a LSE segundo o nivel A1 do Marco Común Europeo de Referencia das Linguas (MCERL).	B6	C15	
Saber empregar a Signo Escritura (SW) como ferramenta de reflexión lingüística	A5	B6	C15
Desenvolver a capacidade de contrastar aspectos a) léxicos, fraseolóxicos e gramaticais e b) culturais e interculturais da LSE coas linguas orais de uso	A5	B5	C15
		B6	

Contidos

Tema		
1. Cuestións clave sobre a LSE	1. Presentarse, saudar e pedir informacións	<input type="checkbox"/> Nomes propios. O número. O adxectivo
2. O signo e os seus compoñentes	2. Expresar opinións, actitudes e coñecementos	<input type="checkbox"/> Deícticos e posesivos
3. Fundamentos da gramática da LSE	3. Expresar gustos, desexos e sentimentos	<input type="checkbox"/> Cuantificadores e interrogativos

4. Fundamentos do léxico da LSE	4. Influír na persoa interlocutora ☐ O verbo e a oración
5. A escritura das linguas de signos	5. Relacionarse socialmente ☐ Conectores e adverbios

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	21	0	21
Resolución de problemas de forma autónoma	0	16	16
Resolución de problemas	28	32	60
Presentación	2	20	22
Exame oral	0	5	5
Exame de preguntas de desenvolvemento	0	25	25

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación da materia. Explicación do desenvolvemento das clases e da avaliación.
Lección maxistral	Sesións de introdución de contidos ou de destrezas.
Resolución de problemas de forma autónoma	O estudantado deberá reflexionar e propoñer solucións sobre temas relacionados coas clases maxistrais
Resolución de problemas	Exercitación de destrezas de comprensión e expresión en LSE.
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante a clase dun tema sobre contidos da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentación	O profesorado da materia supervisará o desenvolvemento das presentacións, así como todas as cuestións académicas que requiran unha atención personalizada.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Resolución de problemas	Exercitación na aula de destrezas de comprensión e expresión en LSE.	20	A5	B5 B6	C15	D1
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante a clase dun tema sobre contidos da materia	15	A5	B5 B6	C15	D1
Exame oral	Exame sobre competencias de comprensión e expresión en LSE.	40	A5	B5 B6	C15	D1
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame sobre coñecementos da parte teórica.	25	A5	B5 B6	C15	D1

Outros comentarios sobre a Avaliación

O procedemento ordinario de avaliación é a **avaliación continua**. Dada a natureza práctica da materia recoméndase encarecidamente a asistencia regular ás clases.

PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

A nota final calcularase a partir das notas parciais obtidas en cada ítem de cualificación, aplicando as porcentaxes de puntuación especificadas no apartado anterior. Para aprobar é preciso obter unha media ponderada igual ou superior a 5 e unha nota mínima de 5 no exame de competencias de comprensión e expresión en LSE.

O alumnado que non consiga superar a materia na primeira edición das actas será avaliado na segunda edición mediante un exame baseado nos contidos ou destrezas suspensos da materia.

Todas as probas cualificaranse tendo en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística e o seu rigor académico.

O alumnado avaliado por este sistema non poderá presentarse ao exame correspondente á avaliación única, e a súa cualificación na primeira edición de actas corresponderá ao cómputo das notas obtidas durante o curso.

Do alumnado que segue o proceso de avaliación continua espérase que participe de maneira activa no desenvolvemento do curso. É responsabilidade do alumnado facer un seguimento da materia nas clases ou a través de MooVi e estar ao tanto das datas de realización e entrega das tarefas e exercicios.

Excepcionalmente, haberá unha modalidade de avaliación única na primeira edición de actas para aquelas/es estudantes que por motivos xustificadas non poidan facer un seguimento regular da materia. Esta situación deberá ser comunicada argumentadamente á profesora coordinadora da materia ao comezo do cuadrimestre (nas dúas primeiras semanas de clase). A avaliación constará dun exame práctico de destrezas en LSE que constituirá o 75% da cualificación final e un exame teórico que contará nun 25%. Este exame terá lugar despois do período de docencia, na data oficial aprobada pola Xunta de Facultade. A escolla desta opción en ningún caso supón a perda do dereito a asistir ás aulas sempre que sexa posíbel. O alumnado que siga esta modalidade de avaliación será responsábel de manter un contacto continuado coa materia a través de MooVi.

SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS

Tanto na avaliación única coma na continua, na segunda edición de actas a avaliación levarase a cabo mediante un exame baseado nos contidos e destrezas suspensos da materia. Este exame constará dunha parte práctica e unha teórica. A primeira contará nun 75% e a segunda nun 25% da porcentaxe total da cualificación.

Este exame terá lugar na data oficial aprobada pola Xunta de Facultade.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Cabeza Pereiro, María del Carmen, **Fundamentos de las lenguas de signos**, 978-84-9171-499-6, Síntesis, 2020

Báez, Inmaculada; Cabeza, Carmen; Francisco Eijo & Ana M. Fernández, **Defiéndete en LSE, lengua de signos española**, 978-84-667-8424-5, Anaya, 2008

Fundación CNSE, **Lengua de signos española para dummies**, 9788432905049, Centro Libros PAPP, SLU,

Fundación CNSE, **Signar A1: material para la enseñanza y aprendizaje de la lengua de signos española adaptado al Marco Común Europeo de Referencia de las Lenguas (MCER)**, 978-84-95962-42-3, 2ª, Fundación CNSE, 2020

Herrero Blanco, Ángel L., **Gramática didáctica de lengua de signos española, LSE**, 978-84-675-9809-4, SM, 2009

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Outros comentarios

Nesta materia se parte dun nivel cero de LSE, polo que non é necesario ter coñecementos previos. Recoméndase encarecidamente a asistencia ás clases, a participación activa nas mesmas e o traballo regular, así como o uso dos recursos da biblioteca. Tamén se debe ter en conta:

1. A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un 0 nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o estudantado da súa responsabilidade neste aspecto.
2. É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma MooVi e de estar ao tanto das datas nas que teñen lugar as distintas probas de avaliación. A modalidade de avaliación "resolución de problemas" farase na aula.
3. O alumnado visitante en programas de intercambio con universidades estranxeiras non precisa coñecementos previos de LSE pero deberá ter en conta que a parte teórica se impartirá en galego.
4. Ademais dos contidos e pertinencia dos exercicios e exame escrito, valorarase a corrección lingüística dos mesmos. Ao final desta materia espérase alcanzar o nivel A1.1. en LSE.